

FORMACIÓN PARA PROFESIONAIS DO CEESG RESPECTO AO ACOLLEMENTO FAMILIAR



FORMACIÓN PARA PROFESIONAIS DO CEESG RESPECTO AO ACOLLEMENTO FAMILIAR

1 PRESENTACIÓN DA ENTIDADE FORMADORA ACOUGO

A Asociación Galega de Familias de Acolvida, ACOUGO, nace das necesidades dun grupo de familias que queremos involucrarnos en maior medida na defensa dos dereitos das persoas menores de idade que están no sistema de protección público. Por isto acordamos asociarnos e así establecer un marco organizado e formal para colaborar e apoiar a Administración e a outras entidades integrantes no sistema formal que traballa en prol dos menores. Todas e cada unha das partes integrantes neste sistema son necesarias para velar polos dereitos e intereses das persoas en xeral, e das máis vulnerables, en particular (incluíndo as familias de orixe).

No **Documento de Traballo "CRITERIOS DE COBERTURA, CALIDAD Y ACCESIBILIDAD EN ACOGIMIENTO FAMILIAR (D.A. 3ª LEY 26/2015) Aprobado en la reunión de comisión delegada de Servicios Sociales celebrado el 2 de octubre de 2019**, elaborado pola Dirección General de Servicios para las Familias y la Infancia, de la Secretaría de Estado de Servicios Sociales, del Ministerio de Sanidad, Consumo y Bienestar Social", na que Galicia participou, recóllense unha serie de Dereitos e Deberes das Familias Acolledoras. Así mesmo, inclúe varias medidas, entre as que se atopan o fomento do Acollemento Familiar e o fomento do Asociacionismo das persoas e Familias Acolledoras. Facendo unha recensión directa recollida na lei : **(...) 2. Elementos esenciales de los procedimientos de acogimiento familiar: valoración de aptitud educadora de las familias; compensación económica, para el acogimiento especializado como para el ordinario, con especial atención a las necesidades derivadas del acogimiento de menores con discapacidad; medidas de fomento y apoyo al acogimiento familiar; campañas informativas; fomento del asociacionismo de las personas y familias acogedoras.**

Neste marco, consideramos necesario que as familias acolledoras teñan unha representación formal específica debido á súa particular idiosincrasia e para poder participar de xeito activo e organizado, sobre todo, por non existir a día de hoxe unha Asociación en toda a nosa comunidade que se ocupe de representar as Familias Acolledoras en exclusividade.

Segundo datos estatísticos do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social, durante o ano 2018, en Galicia, a porcentaxe de menores en acollemento familiar respecto ao total dos menores en sistemas de protección era do 50%.

Unha das nosas prioridades é difundir o acollemento familiar como o mellor recurso para a protección á infancia e adolescencia en situación de desamparo ou risco, comprometéndonos así co programa de sensibilización social e captación de posibles persoas e familias acolledoras.

Cremos firmemente, dende a nosa experiencia e coñecementos, que traballando co

“interese superior da infancia” como lema, e acompañando dende a proximidade as novas familias acolledoras, poderemos crear un ambiente de confort e seguridade que favoreza que se estime o acollemento familiar como alternativa.

Poñer en valor o traballo das familias acolledoras, apoialas e coidalas, é garantía de continuación e éxito para que os menores en desprotección crezan coa maior estabilidade física e emocional. Permite darlles a posibilidade dun modelo de familia estruturada e normalizada, con figuras seguras de referencia, nun ambiente de afecto e sostén.

Dar aos menores a oportunidade de crecer en ambientes normalizados pero sen romper, na medida en que se poida, o contacto coa súa familia biolóxica é fundamental para o seu desenvolvemento e para a construción dunha futura vida emocional saudable.

Neste senso, unha preocupación común é o traballo que se vén efectuando coas familias de orixe, e as posibilidades reais de retorno ou de cumprimento de visitas que, en moitas ocasións, non van todo o ben que se desexa. A nosa proposta neste ámbito é de apoio e colaboración, para que na medida do posible, estas familias de orixe, tamén se poidan ver representadas.

Quixéramos facer referencia a outra cuestión que para nós é de especial importancia. A alta taxa de institucionalización de crianzas e adolescentes, que por primeira vez na historia de este país, é superior á porcentaxe de crianzas e adolescentes que medran e chegan a idade adulta nun ambiente familiar ao que, por outra banda, teñen todo o dereito.

O traballo neste eido, é un dos que máis nos impulsan a comezar esta aventura. Vivámola xunt@s

2 OBXECTIVOS DO PROGRAMA

- Dotar aos equipos profesionais de ferramentas para a prevención (evitar a retirada de menores das súas familias)
- Dar a coñecer os recursos que ofrece a acollida familiar.
- Traballar na suplencia de centros de días e centros residenciais por familias de acollida.
- Dotar de redes entre axentes e equipos técnicos que participan no Sistema de protección do/a menor.

3 METODOLOXÍA OPERATIVA

- Metodoloxía online.
- Realizarase unha sesión online á semana de exposición de contidos e resolución de dúbidas (de obrigada asistencia).
- Realizarase unha proba final de cada un dos temas realizados.

4 A QUEN VAI DIRIXIDA A FORMACIÓN?

- Esta formación ofrecida polo CEESG estará ofrecida para educadores sociais colexiados no propio colexio.

5 DATOS BÁSICOS DO CURSO

- **Datas e duración do curso:** O curso realizarase durante 1 mes, 2 ao 30 de novembro do 2022. Consta de 30 h de formación durante 1 mes, máis 1 sesión de titoría online á semana de 2 horas para resolución de dúbidas e apoio ao material escrito. Será os martes (8, 15, 22, 29 de novembro) de 17:00h a 19:00h.
- **Contidos:** 5 bloques , dedicando 6 horas a cada bloque. Realizarase unha proba final de cada un dos bloques realizados.
- **Modalidade:** En liña, na Aula Virtual do Ceesg.
- **Inscrición:** Na páxina web do Ceesg. www.ceesg.gal
- **Destinatarios:** Colexiadas e amigas/os do Ceesg.
- **Cuota matrícula:** 55€ a ingresar na conta do Ceesg. Banco Sabadell ES41-0081-0499-6100-0104-6708.
- **Data límite inscricións:** 28/10/2022.

6 BLOQUES TEMÁTICOS QUE SE INCLÚEN DENTRO DA NOSA FORMACIÓN

BLOQUE_1 MARCO LEGAL, PROVINCIAL E AUTONÓMICO

Propoñemos para comezar a formación unha aproximación ás diferentes normativas no ámbito provincial e autonómico polo que se rexe o funcionamento do acollemento, tanto familiar coma residencial en Galicia.

Consideramos fundamental a formación dos equipos profesionais que se dedican ao traballo no eido do social nesta normativa, xa que só a través do seu coñecemento e asimilación poderemos comprender como afecta a nosa labor profesional ás crianzas e familias afectadas por esta medida e como podemos mellorar e adaptar a nosa práctica profesional as características individuais e singulares do grupo de persoas as que o acollemento afecta.

Neste senso propoñemos o traballo a través das seguintes normativas e lexislacións:

- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia

Trataremos os seguintes temas:

- Enmarcaremos a acollida dentro do principio de igualdade, recoñecendo aos nenos e nenas e adolescentes a súa dignidade e daremos principal importancia á responsabilidade pública neste ámbito.
- Dentro das competencias, a Xunta de Galicia ten a responsabilidade mediante esta lei a integración social das familias que presenten dificultades especiais ou estean en risco de exclusión social.
- Grupos de familias de especial consideración, dentro das cales atópanse as familias de acollida. Analizaremos a sección 7ª de acción protectora das familias de especial consideración
- Daremos especial importancia ao Título II, da infancia e da adolescencia.

- Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

Trataremos os seguintes temas:

- Explicación do sistema galego de servizos sociais, enmarcando o acollemento nas prestacións para garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e a participación social de toda a poboación galega.
- Obxectivos dos servizos sociais, dando especial importancia ao obxectivo de dar protección e oportunidades e educativas a menores de idade e aquelas persoas que se atopen en conflito ou desamparo.
- Principios xerais dos servizos sociais, centrándonos en especial no principio de igualdade, solidariedade, acción integral e personalizada e a integración e normalización.
- As funcións dos servizos sociais comunitarios básicos, específicos e especializados, resaltando onde podemos situar a acollida familiar.
- Daremos especial importancia á educación familiar dende os Servizo Sociais, xa que non debemos esquecer que dende este servizo se traballa coas familias de orixe que son obxecto das medidas de acollemento.
- Catálogo de servizos sociais, incluíndo o acollemento familiar dentro dos programas de intervención comunitaria como un instrumento de prevención e integración social.

- Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo , de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia

Trataremos os seguintes temas:

- Interese suficiente do/a menor
- Dereito do/a menor a ser oído e escoitado
- Dereito de defensa
- Deberes do menor
- Situación do risco
- Garda de feito
- Garda voluntaria

- Desamparo
- Disposicións comúns á garda e o desamparo
- Aspectos esenciais da garda
- Acollemento familiar
- Acollemento residencial
- Acollemento residencial en centros de protección específicos de menores con problemas de conduta
- Adopción
- Garda con fines de adopción

- Lei orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte a violencia

Trataremos os seguintes temas:

- Como se regula a publicidade con esta nova lei
- O cambio na prescripción dos delitos
- Novas prohibicións respecto as probas médicas.
- Obriga de denunciar ao cónxuxe ou familiares próximos
- Protocolos de inmovilización
- Visitas en caso de violencia de xénero.
- Privación da patria potestade
- Ciberdelitos

BLOQUE 2 PRESENTACIÓN DO SISTEMA DE PROTECCIÓN DE MENORES E RECURSOS DE INTERVENCIÓN

Trataremos no seguinte punto:

- Que axentes e entidades interveñen en Galicia no sistema de protección de menores e en particular no acollemento familiar?
- De que xeito intervén cada un?
- No caso do acollemento familiar, como se comunican os diferentes axentes de referencia?
- Que aspectos positivos podemos atopar no acollemento familiar respecto a outras medidas de protección?
- Modalidades de acollemento familiar?
- Como se realiza un acollemento?
- A actuación dos Servizos Sociais no acollemento familiar.

BLOQUE 3 MALTRATO INFANTIL E VALORACIÓN DO RISCO

Detectar significa “recoñecer ou identificar a existencia dunha posible situación de maltrato infantil ou problemas de risco”.

- Detección do risco dende: ámbito social, ámbito educativo, ámbito sanitario, ámbito policial, ámbito xudicial
- Fontes de detección: calquera persoa cidadá testemuña dun maltrato, profesionais que están en contacto coa crianza.
- Guía de detección do maltrato infantil Xunta de Galicia.

BLOQUE 4 IGUALDADE DE XÉNERO NO SISTEMA DE PROTECCIÓN DE MENORES

Consideramos indispensable incluír a perspectiva de xénero dentro do sistema de acollemento familiar, entendendo a través dela como “o masculino” e “o feminino” afectan a cada un dos sistemas que se interrelacionan dentro do sistema de acollemento familiar. A partir deste análise poderanse construír accións e intervencións que melloren as relacións, as oportunidades, as emocións, as cargas, etc de cada un dos sistemas.

BLOQUE 5 SAÚDE MENTAL

Comezaremos por definir diversos conceptos que son de vital importancia á hora de falar da estabilidade emocional das crianzas acollidas:

- **Afectividade:** sistema emocional do suxeito en xeral. Provoca sentimentos no interior da persoa que oscilan entre dous polos opostos (amor-desamor, alegría-tristeza, etc)
- **Emoción:** son estados de resposta que saltan tras unha vivencia.
- **Sentimento:** estados afectivos complexos, estables e duradeiros pero menos intensos que as emocións.
- **Estado de ánimo:** está sempre presente, modulando ou sesgando a cognición e reflectíndose na experiencia subxectiva de cada persoa.
- **Afecto:** fai referencia a un estado ou sentimento subxectivo e inclúe unha ampla gama de experiencias afectivas.
- **Emocións negativas:** ira, medo, culpa, vergoña, tristeza, desgusto.
- **Emocións positivas:** alegría, orgullo, boa autoestima, entusiasmo, interese.

A continuación, definiremos os termos de vínculo afectivo e apego.

Respecto ao vínculo:

- Que é o vínculo?
- Cales son as súas funcións?
- Sensibilidade materna e paterna
- Temperamento e vínculo.

Respecto ao apego:

- Que é o apego?
- Cales son as súas fases?
- Tipos de apego
- Como afecta o apego ao desenvolvemento emocional?
- Trastornos relacionados co vínculo do apego: carencia afectiva, hospitalismo, depresión anaclítica, carencias afectivas ligadas a separacións familiares, carencias afectivas ligadas a distorsión ambiental ou social, trastorno reactivo da vinculación, trastornos vinculares (esfinterianos, algias diversas, dixestivos, comportamento alimentario, sono, relacionais, aditivas, ansiedade por separación, da liña depresiva, distimias).

Como xeramos vínculos afectivos?

- Facer o afecto expreso.
- Xerar sentimento de pertenza.
- Coñecemento mútuo e tempo compartido.
- Compromiso e coidado da outra persoa.
- Autoridade: límites para a protección física, a autonomía afectiva e a integración social.